O.J.D.: No hay datos
E.G.M.: 87000
Tarifa (€): 700

Galicia Hoxe

Fecha: 09/01/2010
Sección: VIVIR
Páginas: 8
ENE.10.010

TURISMO ■ A Xunta levará á feira internacional de Madrid un pavillón de máis de 1.400 metros cadrados que está revestido de cunchas de vieira

O Xacobeo será este mes o protagonista galego en Fitur

Un innovador simulador permitiralles ós visitantes mergullarse durante cinco minutos en 3D no Camiño Francés

R. Lizcano e J. Trillo · Santiago/Cee

En pouco máis de dez días arrancará en Madrid a Feira Internacional de Turismo (Fitur), un escaparate ó mundo ó que este ano máis que nunca confía os seus resultados o sector turístico galego. Co tirón do Ano Santo como principal gancho, a Xunta de Galicia levará a Madrid un pavillón de máis de 1.400 metros cadrados, porticado e revestido de cunchas de vieira, no que, baixo o paraugas do Xacobeo 2010, promocionaranse toda unha serie de microdestinos, como a Semana Santa de Ferrol, os distintos entroidos da provincia de Ourense, a gastronomía lucense ou a tradición da Ribeira Sacra, con homenaxe incluído á figura dos barquilleiros e degustación de doces entre os visitantes .

A secretaria xeral para o Turismo, Carmen Pardo, presentou onte a programación que desde o próximo día 20 se desenvolverá no pavillón de Galicia en Fitur, un espazo "interactivo" e "con ambiente" que, dixo, ten vocación de converterse, "na medida do posible, no centro de Fitur".

Mostra desa interactividade é o simulador que lles permitirá ós visitantes mergullarse nunha experiencia virtual en 3D que, por espazo de cinco minutos, os trasladará ó percorrido do Camiño Francés.

De modo permanente funcionarán tamén no pavillón galego un bar de augas, para a degustación do produto de distintos mananciais da comunidade, e unha área bar-degustación, a cargo do Centro Superior de Hostalería de Galicia. O día 23 habilitarase tamén un Espazo Relax, dedicado ó turismo de saúde e ás propiedades das augas termais.

Os Reis recibirán unha réplica do martelo santo

O expositor galego situará nun lugar especial o martelo de prata, cedido polo Arzobispado de Santiago, co que o 31 de decembro se abriu a Porta Santa. Unha réplica do martelo utilizado en 1930 será o regalo da Administración galega á Casa Real o día da inauguración.

Como paso previo á inauguración de Fitur, o día 19 Galicia participará ó máximo nivel no Foro Exceltur, onde o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, terá a oportunidade de vender Galicia ante un milleiro de axentes académicos e económicos do sector.

Carmen Pardo, á esquerda, e Carmen Pita, na roda de prensa de onte

PARÁLISE

Reclaman un acordo para o concurso do Parador muxián

Son varias as voces que coinciden na necesidade de alcanzar un acordo para buscar unha solución que facilite continuar adiante co proceso do proxecto do parador de turismo de Muxía, iniciado co concurso de ideas. Agora é o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o que avoga por un entendemento entre as partes. Neste sentido, defende que o proceso, gañado polo estudo de Alfonso Penela, "foi correcto e unánime o ditamo do xurado".

Sostén o colectivo que o concurso, no que participou activamente foi "transparente", destacando que o xurado emitiu unha opinión "rotunda" sobre a elección do gañador. Aseguran os arquitectos galegos que os catorce membros do tribunal, integrado por altos cargos da Administración e arquitectos, "estiveron de acordo en que a proposta de Penela era a mellor dos quince proxectos presentados". Segundo o COAG, o esencial é comprender que houbo un concurso convocado de forma "irreprochable, polo que nada debe embazar e cuestionar o seu resultado".